

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS



ANO XII

N. 252

1.º de Setembro de 1928

FAMILIO DIAZ

A NOSA TERRA

BANCO PASTOR

Casa fundada
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SAITA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Septiembre do 1928



Núm. 252

O MOIMENTO A CURROS

TRUNFOU A XUSTIZA

No segundo concurso de proieitos do moimento á Curros Enríquez, o Xurado composto pol-os señores Palacios, Llorens, Sotomayor, marqués de Figueroa e Rodríguez González—Xurado de calidade—concedeulle o primeiro premio a Francisco Asorey.

Tivo en conta o proceder asina, non somentes a superioridade do proieito do escultor cambadés sobre dos outros, senón a vountade dos que contribuíron c'os seus cartos para a obra e o da maoría dos intelectuales e artistas da terra expresada n'un mensaxe que s'enviou á Academia Gallega fai tres ou catro anos.

Cecais o proieito de Asorey non reúna total-as condicións postas nas bases do concurso. Pero é o único que se sal do vulgar. O único con xeito de grandeza. O único poseedor de simbolismo racial. E como declarar deserto un segundo concurso xa tería de ser cousa cáseque imposíbel, o Xurado fixo o debido.

Satisfaceu os que donaron cartos para o moimento, e pondo d'acordo a razón co sentimentalismo, otorgoulle o noso escultor mais significado o premio primeiro.

¿En que rexión da Hespaña, en que pobo consciente non se faría o que agora acábase de facer na Galicia?

Asorey levou terceira, segunda e primeira medalla, sin interrupción, nas Exposicións nacionais de Bellas Artes. Poucos ou ningún escultor hespañol tivo tantos trunfos en tan pouco tempo. Asorey ven construindo o moimento á San Francisco en Santiago; fixo o da capela da marquesa do Val de Oselle en Ourense, e fixo outros varios que se erguen en diversos logares da nosa terra. É o único escultor galego laureado con primeira medalla. Traballa en Galicia para Galicia. Impúxose na Hespaña dende Compostela. Foi loubado e discutido pol-a crítica. Ó se lle conceder, pois, pol-o Xurado o premio supremo no concurso da Cruña non sô se fixo xustiza senón que, ademais de honrar a Curros, conseguindo que un galego o moimentalice, honrouse o sentimento patrio que non arelaba outra cousa. Coidamos de caste desgaleguizadora os que opinen de diferente maneira.

Eiquí onde tantos cartos se lles deron á escultores extranxeiros para que fixesen moimentos ruíns, sin protesta de ninguén, non é lóxico, nin patriótico, que se veña a pro-

testar agora cando se lle da trato de favor a un artista da terra. Ir contra d'esto é sentar o pior dos precedentes no senso do nobre estímolo para os nosos valores.

Sentímonos, pois, ledos, moi ledos pol-o resultado do concurso. Trunfou o que nós desexábam. Gañouse unha nova batalla galeguista.

O documento do Sr. González Villar mais que outra cousa é froito do despeito. Parécenos recusábel. Dito señor fora concursante no primeiro concurso c'un proieito probe e inespresivo. Tan probe ou mais probe que o de Concepción Arenal que tamén é obra sua. Non ten, pois, dereito a falar. El que profanou o Liceo de Betanzos c'un «hall» ridículo e unha eirexa da mesma cibdade c'unha capela grotesca; él que fixo en Compostela o adeseño do «Quiquí bar». El que foi a varias Exposicións nacionaes de Belas Artes, sin conseguir nunca primeira medalla en arquitectura...

Si en Cataluña houbese un solo escultor consagrado como na Galicia ocorre, ¿abriríanse concursos para un moimento que ten de se facer con doce mil pesos mal contados? O erro estivo en ir ó concurso. Pro este erro salvouno o Xurado. Un Xurado de galegos prestixeiros. ¡Benia a il! Inda nos espricariamos as protestas si ó concurso da Cruña concorriron escultores hespañoes de sona como Macho, Cristóbal, Moisés de Huerta, Clará, etc. Non concurrindo ningún de mais méritos que Asorey ¿qué crime de lesogaleguismo sería non darlle á aquel o premio?

Oubeen, pois, os cáns á lúa. Perderán o tempo.

ESQUEMAS E LEMBRANZAS

* * *

Hai n'aldea unhas velliñas que xa non son persoas. Veñen pol-o sol c'un feixiño de nabizas, ou de pitelos ou c'un porquiño que non ten peito c'os mais da larada e hai que procurarlle acougo na teta valeira d'outra porca. Fan isas angueiras como veñen os espeutos ós sitios onde beberon, folgaron e traballaron en vida. Pois elas son paisaxe fai moito tempo. A auga dos regueiros dúlle os pés a curtiza que teñen as raíces dos amieiros. As sayas de picote son anacos de monte, os panos tecidos de pallas de centeo e raiolas de sol, no mantón aniñan os pardaus coma nas hedras das parés. Os corpos meteorizados ó igual dos caracochos ou dos penedos non teñen sangue sinón un xeito de zume vexetal. Nas pozarcas outonizas dos ollos non alumea outra ialma qu'a cosmicidade do mundo labrego; decorre por eles o tempo das sazós o que fai agromar os arboredos e pingar as parreiras murchas. Están nas familias dos netos

como a figueira do curro. Xa non son vellas pois perderon a conta dos anos e de feito morreron como persoas xurídicas e responsables. Compoñen paisaxe na misa acuguladas no recuncho mais sombrizo da eirexa, á carón do fogar, nas seiturias onde sempre procuran sentarse na montela de fentos e xestas d'unha touticeira. Cando morren de todo deixan no mundo un oco semellante ó que deixa unha torqueira arrincada. Elas sintense paisaxe e gozan d'un calado vivir fora dos remuíños do vivir dos mais e pasan indefrentes unhas ás outras coma si cada vella fora a dona do mundo sinxelo das carballeiras, dos eidos, e das colleitas pois está ó cabo do seu misterio mais non dá ren do seu segredo porque fai tempo qu'olla ós homes coma si foran formigas no chán do piñeiral.

* * *

Chegou a tronada con moito fuero pra estrozar total-as colleitas do val. Nas torres

brancas figura mandar un deus de fogo nú, impracabre e vingador. Os grandes carbалlos afincanse rexos no chán coma bós protedores da terra. O gato sente unha neurastenia de home que vive a súa vida nos derradeiros do século duzanove. Xa escaravenea. Tamborilea a pedra na solaina. Mail'a parroquia está tranquila. Hai na eirexa e na capela do Priorato unhas reliquias da Cruz de El Señor. Badela solene a parroquial coma mandando. Repinica aixiña o priorato decindo: estou eiquí. Pol-os lugares corre unha emoción. Non teñen medo. Iso nin pensalo. É que sinten a Deus falándolle ás cegas forzas do mundo. Elas obedecen, e a tronada desfaise en ledos golpes d'auga. Outros batallós de demos acantazan os eidos da parroquia da banda d'alá.

Contoumo un home qu'estivo moito na América e no servício. Un meu amigo gardou no bolso a fina crítica que Westralaba nos ollos. «Inda temos xente» pensei eu.

* * *

Sempre que volto á Galicia dícese pol-o tren algunha cousa frente pr'a nosa Terra. En van o Sil se deita en fermosos meandros, e os castiñeiros vístense de candeas novas e nos altos as parroquias figuran un sono de ledicia e frescore. Eu teño moi bó ouvido, gracias a Deus. Hai xente que non dí ren, mais nótaselles un desaconto ó entrar en Galiza. O aldraxe de tanto tempo criou nos espíritos unha desconfianza e moita xente entra dend'o Bierzo c'unha superioridade pouco disimulada. No derradeiro viaxe que fixen viñan n'un reservado duas donas recompostas e solenes coma carauterística de

compañía de Lara. Dende Quereño á Montefurado unha foille adeprendendo á outra aquilo de «Camino en que quepan dos». Naturalmente, ó igoal que n'outros departamentos falouse da Casa da Troya. As señoras recibiron mais adiante o saúdo d'un matrimonio fidalgo con trazas de ter feito na mañán un bó anaco de camiño pr'a estación. Elas moi empacuetadas soilo lles faltou dar a mán á bicar. E logo seguiron ríndose dos velliños fidalgos da aldea.

* * *

Todos coñecemos a uns cantos bós galegos que debían escribir e non traballan. Vai ser cousa de pórilles un taquígrafo sempre acaráron pra que lle recollan as conversas. Faríase un libro sin comparanza.

* * *

A hora millor pra falar cos labregos é a da mañán. Entón teñen os ollos e a ialma lavados na fontela do sono, no cantar do merlo e nos millos orballados. Conforme rube o sol váiselles espesando o sedimento de prexudicios e xa son inferiores ó paisaxe.

* * *

Meu mozo amigo, tén conta de tí. Coidas haber adeprendido na Moral e no Catecismo total-as tentaeiós, e non sabes d'unha que te pode matar o millor que tés, por ben intelixente ou sportivo que sexas. A tentación de Madrí.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

Xa está a venda

O PORCO DE PÉ

(NOVELA)

por **Vicente Risco.**

RISCO NA «ÁGUIA» DO PORTO

Un ensaio de moito intrés

Na interesante revista de Porto «A Águia», órgano da Renascença portuguesa, ven publicando Vicente Risco un estudo documentado sobre a Galiza renascente moi dino de ser coñecido dos nosos lectores.

Imos reproducilo nas columnas d'este boletín, pois merece de certo a maior divulgación posíbel.

É un documento de alto interés para cantos colaboramos na grande obra da facer unha Galiza millor que a que nos deixaron os nosos antergos.

Vicente Risco, n'este como na maioría dos seus traballos, procede de xeito metódico e ordeado, enchendo de craridade canto di.

C'o seu estudo sobre a Galiza renascente, as persoas cultas de Portugal poderán dárense conta da importancia do movemento ideolóxico, político e literario da nosa terra, no século XIX e no que vai do XX. Constituirá, por outra parte, un novo e valioso documento para a Historia contemporánea da Galiza.

Védeo xá:

DA GALIZA RENASCENTE

I

Quero falar aquí somentes do movemento de renascenza galega no século XX. O do século anterior, que erguera as figuras de Pondal e Rosalía, de Curros Enríquez e Lamas Carvajal, é moito mais coñecido. Adoítamos nós chamar a aquil tempo, o tempo *dos Precursores*. A semente qu'iles deitaron n-esta Terra *asoballada*, é agora cando comenza a germolar e dar os primeiros froitos dos que eu quero falar, d'un xeito singelamente informativo, e somentes interpretativo, cando preciso fôr.

Se chamamos aos nosos devanceiros os Precursores, podémonos chamar nós os *continuadores*, embora o sexamos d'un xeito acomodado aos tempos novos. Júnguenos a íles o forte sentimento da nacionalidade galega, a incondicional fidelidade á Terra Nai. Mais íles, mais homildosos nas suas arelas, mais pechados tamén nos lindeiros do torrón, non sentían tan pungentemente como nós, a cobiza de reintegrar a Galiza na cultura universal, da que nos mantiñan arredados catro longos séculos d'educazón allea e antigalega, e de darlle a Galiza, coma si dixéramos, unha valorización inter-

nacional. Coido que esta é a principal diferenza que nos separa dos Precursores, que se non estreveran—agás se cadra Faraldo e Pondal—a pór tan longe o pensamento.

O noso movemento de cultura nacionalista foi iniciado en 1916 pol-as *Irmandades da Fala*—das que a idea débese a Antonio Villar Ponte—e ja non se detivo mais. C'un senso a un tempo tradicionalista e futurista, agitou vivamente a conciencia galega.

Ben cedo, as olladas arelantes dos galegos d'esta geración espirtualmente emancipada, voltáronse cara Portugal. Portugal era pra nós mais do que unha segunda patria. D'alén-Miño viña como si fora o eco doce d'un cantar que expresaba os mesmos sentimentos, as mesmas arelas, nas mesmas palabras ditas na mesma lingua... Era a outra metade, mais fina, mais requintada, mais feita, da nosa cultura atlántica. Había tempo que os eruditos galegos se correspondían c'os eruditos portugueses; mais aquiles eruditos galegos eran gente pedante, engolada, que nin pra escribir aos irmans d'Alén-Miño deixaban o idioma castelán. Non tiñan *o espírito* do noso tempo; nin xiquera sospeitaban...

Mais un día,—coido que as cousas pasa-

ron como vou referir—o Sr. Dr. José de Figueiredo, Director do Museu Nacional de Arte antiga, de Lisboa, estivo na Galiza e coñeceu ao noso Castelao. O resultado foi a publicazón na *Allántida* de Lisboa, d'un deseño do Castelao, un poema de Ramón Cabanillas e un artigo meu. Abondou iste feito tan singelo pra que as relazós s'estabreceran: ilustres colaboraciós portuguesas honraran as nosas revistas, e abrírase o camiño pra unha mutua coñecenza, pra ir á unha mais fonda e verdadeira integrazón cultural.

Como mais tarde e por diversas circunstancias, a actividade do intercambio viñera á decaer, eis a principal motivazón d'iste traballo: enfiar de novo a conversa, chamar de novo a atenzón do Portugal culto cara a Galiza que pensa e que loita, na qual debe ollar un renovo da sua cultura gloriosa.

II

O movemento de renascenza galega conta con duas revistas na Galiza: A NOSA TERRA na Cruña, *Nós* n-Ourense, e unha bilingüe en Buenos Aires: *Céltiga*. A NOSA TERRA é principalmente política; *Nós* é principalmente literaria e d'investigaciós arqueológicas, folklóricas e eruditas; *Céltiga* participa do político e do literario, dentro do aspecto de *magazine* que s'adoita na América: A NOSA TERRA publícase dende 1916, *Nós* dende 1920, *Céltiga* dende 1923. Duas empresas editoríais hai escrusivamente adicadas ás publicazóns galegas: *Lar* e *Nós*, as duas radicadas na Cruña.

Craro está que non son istes os únicos meios de publicidade, todol-os jornais de Galiza e d'América publican artigos e orixinais literarios. Outras empresas editoríais ten habido, ás que se deben as coleccións tituladas *Terra a nosa* (Cruña), *Céltiga* (Ferrol), *Alborada* (Pontevedra), *Galaxia* (Ourense), *Libredón* (Sant'Iago de Compostela), etc., ademais as publicaciós literarias do Seminario d'Estudos Galegos, e das particulares dos autores. Así e todo, non abonda c'os meios que hai pra dar d'unha vez ao público toda a nosa produción, cada vez mais intensa, pol-o qual moita d'ela anda espalla-

da pol-os jornais. Quen queira coñecer á fondo a literatura galega actual, non debe deixar de percorrer algunhas coleizós de jornais, como as follas literarias de *Galicia*, de Vigo, por eixemplo, e os números extraordinarios adicados por quasi todol-os diarios ao Día de Galiza (25 de Julio, festa do Apóstolo Sant'Iago), onde s'atopan traballos importantes non recollidos en libros.

En mais ruís condiciós áchase o nascente teatro galego. Apesares dos éxitos verdadeiramente grandes d'algunhas obras, o noso teatro non chegou aínda á ter mais que unha vida irregular e intermitente, entregado por complot aos *amateurs*. Son merecentes de mención, os cadros dramáticos do Conservatorio d'Arte galega, criado pol-o actor Jambrina, o da Irmandade da Fala da Cruña, que foron os que tiveron mais longa vida, o do Coro ourensán *De Ruada*, e o da Universidade compostelá, criado pelo doctor Cotarelo, que conseguiron trunfos en toda a Galiza.

Interesante é tamén o labor de conferencias, recitaciós e leuturas públicas, feitas con motivo de conmemoraciós, esposicións de arte, ou en cursos orgaizados polas sociedades culturás ou recreativas. O movemento galeguista, de costas viradas á vida oficial do país, que lle é indiferente cando non hostil, tendo pechadas as portas dos establecimentos d'enseño público, acode naturalmente á todol-os meios extraoficiás de cultura popular, aos que adica unha atenzón preferente.

Non priva esta estreiteza en que se move, pra que teña ja ultrapasado as fronteiras e atraguido cara il a atenzón do mundo culto, e na Francia o ilustre lusitanista Philéas Lebesgue, e Alexandre Mercereau, en Dinamarca Karl Kjersmeier, na Alemaña o Profesor Meyer-Lübke, antre outros moitos, por non citarmos aquí mais que nomes ben coñecidos, seguen con interés o desenvolvemento da literatura galega.

III

Non é doado determiñar d'un xeito geral, as tendenzas da nosa literatura no momento presente. Falar do sentimento da raza e da

terra, de humorismo, de saudade, é dicir verdade, sen dúbida, mais é dicir ben pouco: conceptos empregados atreu, e gastados como as moedas vellas, sen saberse ja ben o que representan.

A saudade—da que recibemos dos portugueses a teoría — moveu derradeiramente certa porfía entre avanguardistas e tradicionalistas, sostendo os primeiros que cumpría desbotar ise sentimento que amolece as almas. Os *novos* procravam a necesidade de lanzarse cheos de leducia no futuro inédito. O Dr. Nóvoa Santos quixo expricar fisiologicamente a saudade, n-unha conferencia da que se falou moito. Villar Ponte sostivo que a saudade non era un sentimento específico da gente galego-portuguesa mais un sentimento radical da especie humana, de cuia tése non está longe Teixeira de Pascoaes. Alguén lembrou como a saudade atópase ja no Petrarca, e aínda sospeitou, con medo justificado, si a saudade non é precisamente a cobiza do infinito, que Spengler dá coma sentimento-sino da cultura occidental.

Hai tempo, escribía Carré Aldão que entre nós non penetrara o modernismo. Hoxe non podería dicir outro tanto. O avanguardismo entrou de cheo na Galiza, e enantes de ser importazón dereita de París, foino de Madrí. Mais compre que digamos que os avanguardistas galegos souperon superar aos seus mestres casteláns. N-algús, a sensibilidade moderna determinou unha volta ás formas poéticas populares do *alalá*, da estrofe paralelística e das copras de lexapren, por onde o novo foi, probablemente sen concen-

cia de elo, buscar o autóctono, o engebre. É que o engebre, o racial contiña un inédito mais inédito e mais novo do que as tan repetidas importacións da moda, que por ser moda, é ja necesariamente vulgaridade banal. Galiza está mais cheia de sorpresa que Montparnasse.

Na importazón do avanguardismo tivo grande parte a revista *Alfar*, editada na Cruña con grande luxo pol-o poeta uruguayo Julio J. Casal e redautada en castelán, galego, portugués, catalán, francés, etcétera. Merez mención tamén outra publicazón políglota, *Ronsel*, da que se publicaron en Lugo seis números, baixo a dirección de Correa Calderón.

Mais non por iso abandoa a Galiza a súa tradición romántica, que ven sendo hoxe como onte, a diretriz da súa literatura.

IV

Falaremos agora primeiro dos poetas, que aínda son os que levan a voz de Galiza.

Tres geracións autuan nos nosos días. A mais antiga áchase representada principalmente por dous poetas que podemos considerar como as derradeiras figuras da Era dos Precursores: son Eladio Rodríguez González e Manoel LUGRÍS Freire. Os seus derradeiros libros, *Ardencias* de LUGRÍS (1927) e *Oracións campesinas* de Rodríguez González (1928) son as mais recentes publicacións poéticas que temos.

Eladio Rodríguez González, actual Presidente da Real Academia Galega, é un ribeirao perfecto (nasceu en Leiro, no curazón

M E D A L L A

Anverso

ASOREY:

Naiciña.
O tesouro.
San Francisco.

Reverso

GONZÁLEZ VILLAR:

Quiqui bar, en Santiago.
Reformas do Liceo e gruta
de Lourdes en Betanzos.

do Ribeiro d'Avia) e representa a musa tenra e lene, filla da súa leda paisaxe natal. Poeta de longo folgo lírico, d'un fondo sentimento do torrón sagrado, e da paisaxe que é súa expresión fisionómica, que chega no seu embebecimento e na súa tenrura comovida á eisaltazón panteísta, d'unha doce piedade polas almas santas da xente rural. Descriptivo, sen deixar nunca de ser lírico, resulta un gran pintor en verso de paisaxes e esceas aldeás, como no seu coñecido poema *Orballeiras*, o poema da chuvia mainly e tépeda das quentes paisaxes do Ribeiro:

«Que mansiña, que miúda!
Que mansiña e que miúda cai a l-auga!
Non se sabe si é que sobe,
nin se sabe mesmamente si é que baixa.

...maina... maina...
tan mansiña... tan calmosa... tan homilde...
tan soave e tan calada,
que si o vento agarimoso lle fai mimos
pra bicala,
unhas veces sobe... sobe...
l-outras veces baixa... baixa...»

Erudito tamén de longa paciencia, Eladio Rodríguez González vai publicar un *Diccionario gallego-castellano* do que son xa coñecidos algúns artigos. N-il recolleu non somentes un enorme material lexiográfico, senon cantas noticias históricas, etnográficas, folklóricas, geográficas e literarias pudo apañar, polo qual, o seu *Diccionario* resulta unha verdadeira enciclopedia galega, que chegará a ser indispensable á cantos se interesan polo estudo da nosa Terra.

Manoel Lugrís Freire é pola contra un mariñán; nasceu en Sada, na terra das Mariñas, e é fisicamente un nórdico e psiquicamente un engebre temperamento de poeta. Exaltado, idealista, todo quentura, semella o herdeiro da harpa de bronce de Pondal, anque menos calmo, menos repousado, menos clásico, mais ardente, mais verboso e fácil. Ten Lugrís moita obra feita, lírica e dramática: *Soidades* (1894), *Ao gaitero de Zamora* (1894), *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardências* (1927), *Contos de Asieumedre*, *A Ponte* (drama), *Minia* (drama), *Mareiras* (drama), *Esclavitú* (drama),

O Pazo (comedia), *Estadeiña* (drama), *Gramática do Idioma Galego* (1922).

Con ser como é o pobo galego tan lamentabelmente pacífico, hai aquí unha lírica revolucionaria, nacionalista e democrática, moi importante, que comenza con Francisco Añón, a mediados do século pasado, e chega ás páxinas acesas do Cabanillas en *Da terra asoballada*. Lugrís pertence a esta estirpe de poetas civís. O seu nome soou en todos os movementos d'emancipazón galega dende comenzos do século e aínda antes, e aínda esta tónica domina nos seus versos:

«Por eso foi seu numén —di cantando á Curros— a liberdad qui-
[rida];
seu evanxelio amante, a xente perseguida;
o lar onde nacera, seu sacrosanto altar...

Característica de Lugrís é a estrofa seguinte de *Mocidade*.

«Amo a xusticia, quero
Canto é dino d'amor:
A Terra en que fun nado,
Seu verbo enmeigador.
Amo a quen sofre e chora,
E detesto ao tirán;
Ainda teño por musa
A santa Libertá!
Ainda amo a beleza,
Ainda teño ilusión,
Ainda son mozo, aínda
Soña o meu corazón!»

A gerazón meia conta catro grandes poetas: Ramón Cabanillas, Antonio Noriega

A Oficina d'Educación de Xinebra organizou unha Conferencia internacional, en Luxemburgo, acerca do bilingüismo na educación. Con tal motivo e prescindindo dos aspectos políticos de tal probrema, preconizáronse pol-os técnicos os exempros do País de Gales, de Bélxica, das escolas de xudeus de Londres, etc., deducíndose unánimemente a imposibilidade pedagóxica de prescindir da língoa vernácula.

Varela, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo.

Ramón Cabanillas é, non somentes o mais grande poeta que hoxe ten Galiza, senón tamén o mais coñecido e de obra mais copiosa e variada. O seu primeiro libro, *No desterro*, publicouse na Habana; unha nova edición, aumentada con uns cantos poemas feitos en Madrí, e publicados primeiro no xornal d'Ourense *La Zarpa*, baixo o rótulo intencionadamente equívoco de *Cheirumes da corte*, surtiu en 1926. *No desterro* é un libro de saudades; saudades da patria lonxana, saudades do tempo ido, saudades de amor:

«—Ti en que pensas, alma miña?
Alma tola, ti onde vas?
—Meu corpiño, vou a lonxe!
Onde sempre! Vou alá!
Vou ver si verdexa o liño,
si ten gromos o parral,
si afollaron as pereiras,
si a fror dos laranxos cai...»

Anque cronolóxicamente, os poemas de Madrí non corresponden, coma ja dixemos, á primeira época do Cabanillas, por iren incruídos na segunda edición de *No desterro*, damos eiquí coma mostra o soneto titulado 1921:

«Mozas da vida, probes e soldados
nas ruas e dancings e merendeiros.
Luxuria, fame e guerra misturados...
Roma imperial nos días derradeiros!

Nin honor nin vergoña. Conchabados
con maricas, grupieres e mineiros,
van razziano o país os deputados
desertores do Tercio d'Extranxeiros.

O Arte, nos salóns, apesta a rancio,
os xornales empréntanse en Bizancio
e a Chelito meteuse gran señora.

O povo chora ós mortos da traxedia
ESTE NÚMERO FOI REVISADO POL-A CENSURA
onde trunfa en camisa Musidora!»

É a sátira aspra e concisa de Juvenal. Volto de Cuba, Cabanillas publicou *Vento Mareiro*. Aquiles versos pol-os que pasara ja o modernismo todo, eran algo inteiramente novo na literatura galega. Ja estaba aquí o gran poeta, o gran lírico chamado á revivir as glorias de Pondal e Rosalía.

Un verbo mais perfeito que endejamais, trazía fielmente os acentos fortes e delicados n-unha orquestazón rica e varia. O sopro bárdico dos Precursores ecoaba nos novos poemas. E no meio do libro, os versos de loita e rebeldía do poeta civil do *Poeta da Raza*, que mais tarde habían formar o volume *Da Terra asoballada*, aparecen ja.

Cabanillas, patriota e rebelde, meterase no movemento agrario de Acción Galega, que guiaba Basilio Alvarez. Sofreu persecucións e aldraxes. Mais tarde o movemento esmoreceu. *Vento Mareiro* publicou-se en 1915 (hai outra edición de 1921). En 1917 publicou *Da Terra asoballada*. Alí o poeta fai un desesprado chamamento ao agitador agrario, que se fora pra Madrí e semellaba esquecido da sua Galiza:

ESTE NÚMERO FOI REVISADO POL-A CENSURA

O Capitán non ouviu a chamada; mais as Irmandades da Fala estaban en marcha. Hai en *Da Terra asoballada* un poema, *Meu carriño*, que todos teñen deprendido de memoria:

«Carriño forte e xeitoso,
meu carriño
arrolador e mimoso
com'o berce d'un meniño!

Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida
y-o dor da Terra ferida
de traidores e ladróns.

A y-alma galega dorme,
a santa Ideia está morta
e tés que ir porta por porta
encendendo os corazóns!...»

Vejamos agora o poeta doce e sosegado n-iste fermosísimo soneto de *Vento Mareiro*:

«A tí, miña muller, arca pechada
que no seu fondo garimoso encerra
o que me queda santo sob'a terra,
van estes versos de visión dourada.

Eles diránche que, á través da vida,
sempre, sempre miña alma soñadora
pideulle a Díos que na postrreira hora
cerre os meus ollos esa man querida.

E n-elas vai, paxaro cara o niño,
agardando que o acolla teu cariño,
este meu rogo que a visión compreta:

quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten luz: GALEGO
i-esta palabra que ten áas: POETA. >

N-istes derradeiros anos, Cabanillas levou a súa inspirazón por todol-os camiños, e foi poeta legendario nos tres poemas de *Na noite estrelecida* (*A Espada Escalibor*, *O Cabaleiro do San Graal* e *O sono do Rei Artur*), en que parafraseou o ciclo cabaleiresco céltigo; poeta histórico en romances aínda non recollidos en libro, referentes ao tempo de Doña Urraca e Diego Gelmírez; poeta hagiográfico ao xeito popular en *O bendito San Amaro*; poeta religioso nos fermosos poemas adicados á Santa Virxe e á Santa Teresinha do Neno Jesús; poeta d'amor no seu derradeiro libro: *A rosa de cen follas* (1927):

«Amor, eterna inqueda,
pon nos meus beizos doidos
o cáliz da Saudade!»

Cabanillas é o mais compreto dos nosos poetas. Toda Galiza está n-il: é o *Poeta da Raza*. Ten aínda obra en prosa: unha comedia, *A man de Santiña*, o seu discurso d'entrada na Academia Galega: *A saudade nos poetas galegos*. Foi elegido Académico da Española, e as catro Diputacións das provincias galegas concedéronlle unha pensión anual.

Antonio Noriega Varela é mais coñecido en Portugal, e non compre que insistamos tanto a falar d'il. É o poeta da montaña, o exaltador das cousas humildes, un lírico ingénuo e original, que se gaba da súa ñoranza, anque recibeu no Seminario de Mondoñedo unha sólida educación humanística. Certo é que sacado dos clásicos latinos (Virgilio sobretodo, Ovidio, Horacio...), os poetas portugueses e Gabriel y Galán, pouco mais coñece, e que a súa musa é de unha deliciosa espontaneidade. Ten dous libros publicados: *Montañasas* (1895 e 1904) e *Do Ermo* (1920) e moitas poesías espalladas por revistas e jornais. Citaremos un dos seus pequenos poemas mais persoais e caraterísticos:

«Nin rosiñas brancas, nin claveles roxos!
Eu venero as froliñas dos toxos.
Dos toxales as ténues froliñas,
que sorríen, a medo, entr'espíñas.
Entr'espíñas que o Ceyo agasalla
con diamante— nas noites qu'orballa.
Oh do y-erm'o preciado tesouro!
as froliñas dos toxos son d'ouro.
D'ouro vello son, maí, as froliñas
dos bravos toxales, das devocións miñas!»

Anque formou no movemento d'Acción Galega, e foi por elo perseguido, as súas incriñacións non son de poeta civil. Il é un home recollido na montaña, metido en sí, e moi amante da súa independencia persoal. Así e todo, hai en *Do Ermo* tres poemas dos que aquí chamamos versos de loita. Non se podía botar o gran lírico tan da parte d'afora.

(Continúa.)

VICENTE RISCO.

MOCEDADE MIMÉTICA

Estreitos de peito e fallos de corazón

Están xurdindo unhos rapaces na Galicia que mesmo dan xenio. Unhos rapaces que con catro cousas que leron e que tratan d'imitar e c'un fondo espírito de contradición por toda orixinalidade queren imporse.

A estes rapaces, si Curros voltara á vida, nin siquer categoría de sapos lles daría.

Emporiso hai un xornal que se chama galeguista que lles abre as súas columnas trocándooas en vertedeiro de parvadas, das que

nada diciríamos si non viñesen á desorientaren á algúns galegos de boa fé. Á ise xornal que comenza a perder creto por somellante feito, queremos hoxe darlle un aviso, para que se decate da súa responsabilidade, fiando delgado con eses mozos aristarcos de novo cuño, incapaces do menor sacrificio pol-a terra, que van dereitos ó caixón do pan, adulando a todol-os sexismundos, e aos que a natureza estimatizou facéndoos estreitos de peito, ou faltos de talla—libres pois de quintas ou «imbéciles», no senso etimolóxico da verba.—

Taes mozos enfermos de literatismo acoden á letra d'imprensa para duas cousas: para conqueriren prebendíñas e adularen catedráticos e para facer sona dicindo cousas raras nas que se leva a contra á todol-os que pensan, sinten e traballan seriamente. Infusorios com'os da gota d'auga da fábula de Bartrina que coidan que o mundo enteiro son eles, Jiménez Caballero—o xesuíta da «Gaceta Literaria»—Gómez de la Serna e Ortega e Gasset. Eles coma acólitos dos outros. Imitadores servís dos de fora que queren que o noso «genius loci» sexa o que lén nas revistas de Castela e d'outros pobos extranxeiros.

Por entre todos destaca un que merece pasar ás antoloxías da burramía. Este destapouse agora—je que haxa un xornal que o tome en serio!—dicindo que o do caciquismo é un tópico; outro o da saudade. E todo tópico e mais tópico. Por non deixar non

deixa en paz nin ás vacas suizas das que afirma que dan menos leite da que moitos creén.

Coas parvadas de somellante contratopi-queiro rimonos d'abondo. Fala un día da saudade e dínos que é un tópico... Pro logo afirma que é neurastenia. Nos di que «ya todos sabeis como termina el futuro mecánico del cristal». ¿E quen sabe e entende iso: De creta que o caciquismo non eisiste nin eisisteu na Galicia. Escribe das «excelencias patolóxicas», da «dictadura del sentido común mulato». Palabras sin senso, ríolas de tonterías que deitan da súa pluma, como poderían deitar da boca d'un tolo aparvado. Os xornaes galegos, deica agora, botaban ó cesto de papés inúteis somellantes traballos paveros. ¡E un que quer pasar por moderno, que se chama galeguista, dalles áas á mozos de espírito tan cativo! ¡E incluso se contaxa con íles, facendo notas de redución nas que se lle chama «cetáceo del arte», querendo loubalo, a un dibuxante de mérito!

¿En que xornal de Madrí ou Barcelona podichedes ver nunca cousas somellantes? Nin nos de Madrid, nin nos de Barcelona, nin nos das mais provincias da Hespaña, nin nos outros da Galicia. Somentes no que quer pasar pol-o mais galeguista e o millor. Pois que terme de non seguir pol-o mal camiño, porque o creto, com'a virxindade e a fé, unha vez perdidos non se recobran endexamais. Nobremente dámol-a voz de alerta. Logo, que ninguén se queixe si pomos os puntos encol das ies.

COUSAS

O Comité olímpico internacional acordou que a olimpiada de 1936 celébrese en Barcelona. Vai ser a primeira que se celebre en Hespaña. A min causoume extraneza que sendo así non acordaran celebrala en Madrí que é a capital.

Agás que tamén o Comité olímpico considere que Barcelona non é hespañola. N'ese caso compre que os deportistas hespañoles,

manifestamente bóns patriotas sempre, pidan que pol-o menos a olimpiada de 1940 celébrese en Madrí porque Hespaña non vai a ser menos que Cataluña.

Fora de Galicia ainda decíanmo n'unha carta que recibin fai días de Santander, o feito de se ter reunido o Consello de Ministros na Cruña considerouse como un feito que ven dar categoría de personas aos galegos.

Pol-o visto aínda continúa latente o coñecemento depresivo que de Galicia tñíase fai tempo.

Pois non pol-o do Consello nin cousas pol-o xeito, senón por outras que xá se verán. Aínda han de ter que *caer mais da burra* e se convencer á forza do que é Galicia e do que somos os galegos.

Ocorre con moita frecuencia que moitos galegos para facer comprender á xentes forasteiras o moito que vale Galicia comencan a citar nomes e nomes de galegos que destacan en calquer aspecto da vida hespañola. A razón é, anque para min moi probe e innecesaria, d'unha gran forza convincente porque non se pode negar que nas artes, na literatura, nas ciencias, na política, en todos os ordes da vida nacional, atópase algún galego significado.

En troques cousa rara e quizais sintomática! na tauromaquia unha das mais xenuíñas representacións da personalidade hespañola, non hai ningún galego que destaque.

Para se decatarse prenamente do falso que resulta o coñecemento que de Galicia tense por Hespaña adiante abonda con ouservar o papel que fan entre nós esas excursións de turistas e vraneantes madrileños que caen pol-a Cruña todos os anos. Hai que vel-os, verdadeiros provincianos na acepción que por aló dan á frase, pasmándose de todo o que ven asombrados do que ouservan e empequenecidos no vestir, no comportamento e hasta no comer.

Dos galegos, *gente de pueblo* como aló din, teñen aínda moito que aprender.

Non cabe dúbida ningunha que entre un cruñés medianamente culto que non saíra nunca da Cruña e un madrileño do mesmo xeito que tampouco saíra de Madrí, hai unha gran diferenza en favor do cruñés, pois iste ha de ter sempre un coñecemento mais exaíto do

que é a vida mundial e non ha de pasmarse de nada pois por virtude da vida de relación que leva en contacto co internacionalismo á que poida adequirir un madrileño.

Aparte d'esto, pol-a mesma diferenza racial.

Non sería difícil probar esto que digo d'unha maneira definitiva que non deixara lugar a dúbida.

Pol-o mesmo compre crear entre nós un estado de auto-superioridade e desbotar para sempre ese sofisma pernicioso e antipatriótico de pasmarse cando nos falen de Madrí e considerar millor todo o de aló como si no mundo non houbera mais que eso. Hai que deixar de falar de Madrí para falar de Galicia e do mundo moderno e culto.

VICTOR CASAS

Conto mollado

«Cando n'aldea galega s'oien certas cousas, que pol-a súa gracea ou pol-o seu *pican-tiño* son diñas de lembranza, é costume decir: *o conto non ch'á caer nas pallas*. Pois ben: Isto e non outra cousa ll'acaeceu a tía Rosario alá nos seus tempos de moza e cando estaba recién casoirada. Cóntase d'ela qu'era de nova moi folgazana e que lle gostaba moito fozar na cinza como si fora unha teipa. De sorte e de maneira que pra non traballar d'arreo na súa casa, metíuselle na testa marcharse a servirse á Cruña da que moito lle gabaron. Meu dito meu feito. Unha mañán do mes da Segá colleu o tren en Parga e pr'aló s'encamiñou. O caso inda qu'ó primeiro chamar'á atenzón, porqu'á Rosaria non lle facía falla ó servir, presto deuse en esquencer i-ós poucos días naide volveu á falar d'él nin mentalo siquera.

Ó cabo d'un ano volveu pol-a aldea e deuse a casualidade de qu'aquel día estaban as tecedeiras na súa casa. Chegou e tan preto puxo ós pés no estrado todo se lle volveu dar bicos i-apertas ós seus pais e irmaos, que dito sexa de paso eran seis. Era hora de xantar e na cociña xuntárons'os da casa, as tecedeiras e uns xornaleiros que trouxeran

pra facer a sacha do millo. De todo se falou no xuntoiro e como xa non quedaba cousa de que tratar nin refaixo que recortare, ocorreuselle a un rapaz dos da Sacha, que nunca tal acordo tivera, de lle preguntar á Rosario de como lle fora na Cruña e canto tiña de soldada. Ela respondeulle con untosidade que l'iba moi ben, qu'estaba moi leda e qu'aquelo era moi adivirtido. A soldada certo era que non chegaba a moito pro iba vivindo.

—¿E cánto che dan os señores?

—Danme trinta reás ó mes. Non é moito mais...

—Muller non. ¿E cómo te podes vestir e arregar con tan poucos cartos?

—Ves, burrán, os trinta reás chéganme pra me vestir é pr'as outras cousiñas vou tendo utros acomodados.

—Esprícate pois.

—A cousa non ten nada de particular. De vez en cando vou tendo unha propiniña do señorito qu'asina *entremedias* venme moi ben.

Nunca tal dixera a boa da Rosario que fixese mais gracia no xuntoiro o como n'él había rapaces, e estos son o mesmo diaño pra tales cousas, *o conto non caeu nas pallas* e logo s'estendeu pol-a comarca.

Mais aínda non romataron eiquí ás canduras de Rosario. Dixeron qu'unha vez, e estando recén casoirada, tivo seu home necesidá d'ir á unha feira a mercar unha xobenca. A víspera pol-a serán asina l'lo dixo á sua costela e está dispóis de lle porparar roupa branca pra se mudar púxose a lavar unhas calcetas por non ter n'aquela ocasión outras millores. Ó seu Xacinto, qu'asina se chamaba o home, pareceulle moi ben o das calcetas xa qu'as que levaba postas estaban moi louras de terra porque andivera outonando aqueles derradeiros días. Todo foi ben deica a noite en que lle veu facer un cumprimento o seu veciño Xulián, que tiña moita sona de picareiro e de se bulrar de todo. Estiveron falando do Outono, das patacas que colleitaran, do gando e do tempo que s'aveciñaba.

Entramentras a boa da Rosario non facía mais qu' enxugar nas calcetas que non ollaba secas por mais qu'as chamuscasse i-enchese

de muxicas. Como non poidera conter por mais tempo á carraxe que lle comía no corpo; excreamou toda aflixida:

—Xacinto, non che pode ser xa!

—¿O qué, muller?

—O negocio de que falamos denantes.

—É logo ¿qué pasa?

A esta pregunta respondeulle ela chea de razón.

—¡Qu'ha de pasar! ¡Pois qu'está *o conto mollado!*

Xulián, que como dinantes dixemos era moi picareiro e tomaba todal-as cousas pol-a malicia e pol-os que non eran, inda ben non saleu da casa de Xacinto foise com'un lóstrego pr'a taberna do tío Mingos. Como n'ela houbera xente d'abondo inda ben non entrou foi desembuchand'o conto i-engadindolle, com'è natural algo da sua colleita. Si á esto se xunta que Rosario facía soio unhos ineses que se casoirara, escusado decir ó qu'aquela xente puido rir e supoñerse. Mais o certo foi que durante unha boa tempada non se falou d'outra cousa n'aldea que mais gracea fixera. Tampouco este dito caera nas pallas. E colorín colorao o meu conto está romatao...»

XOSÉ VÁZQUEZ LÓPEZ

Amado Carballo

N'este mes cumprese o primeiro aniversario da morte do poeta mozo Amado Carballo desaparecido cando a sona e a consagración de poeta galego abríanlle as portas.

N'ese conceito tíñamol-o nós que nos honramos co-a publicación de gran número das suas producións e conocímol-o dende que n'él reveláronse as admirables aitudes poéticas que poseía. Nas páxinas de A NOSA TERRA fican grabados xurdios destelos do seu estro poético... O seu libro «Proel» publicado días antes da sua morte foi unha definitiva consagración e así despois mereceu as calurosas gabanzas da crítica.

Ademais Amado Carballo era un convencido galeguista militante no exército dos «bós e xenerosos» dobre motivo para que o seu nome non sexa por nós nunca esquecido.

Ainda n'estes meses véñense publicando listas de suscripción para imprimir o seu libro póstumo «O Galo». Suscripción que mereceu querendosa acollida en Galicia como proba de admiración ao poeta e do seu consagramento como tal.

O libro, que se agarda con degoro, está xá no prelo da Editorial «Nós» e sairá moi axiña.

A NOSA TERRA lembra hoxe con amor ao malogrado poeta renovando o seu profundo pesar pol-a súa prematura morte que privou ás letras galegas d'un xurdiño cultivador e ao galeguismo militante d'un rexo paladín.

FOLLAS NOVAS

MARÍA ROSA, de GONZALO
LÓPEZ ABENTE.

«Nós», a patriótica editorial para quen todas as gabanzas son poucas, acaba de poñer á venda un libriño editado co'a primorosidade que a caracteriza que contén unha fermosa comedia en dous actos do gran poeta galego Gonzalo López Abente. «María Rosa» que así titúlase a comedia, fora estrenada fai al-

gúns anos pol-o cadro de decramación da Irmandade cruñesa merecendo entón gabanzas de quen logrou coñecela e agora «Nós» pona de actualidade co-a súa publicación.

Trátase d'unha comedia de ambiente fino, señorial, admirablemente trazada e escrita de man de poeta. D'un poeta xá consagrado como López Abente, co que fica feito o mais exaite xuício crítico da obra que dá realce ao noso teatro aínda en período casi embriodario. En «María Rosa» teñen os cadros de decramación que hai en Galicia unha boa obra de que botar mán.

Un novo aprauso a «Nós» pola súa inmensa e patriótica actuación e outro a López Abente noso querido e admirado irmán

PORTUGALE, Porto

Visitamos ésta revista que comenza a se publicar no Porto dirixida pol-os conosciados e grandes literatos Augusto Martins, Claudio Basto e Pedro Victorino. Ven ategada de orixinás de gran intrés e boas firmas que convidan á lectura.

Estimamos o envío da notabre revista co-a que comenzamos o troque.

Imp. NÓS, Real, 36-1.ª A CRUÑA

EFECTOS NAVALES
de
FERRER E COMPAÑÍA - SUCEORES
F. Bertrán e Mirambell
VIGO E A CRUÑA
(CASA FUNDADA EN 1868)
*Artigos xenerás para equipo da Mariña militar
vapores, barcos de vela e pescadores.*

Grandes Almacenes de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EXTRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA
(CASA FUNDADA EN 1865)
A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.



AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GÁNDARAY TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en total-as
 Boticas, Droguerías,
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurans e
 vagós-camas de
 todol-os três.

As mais indicadas en casos
 de artrismo, desnutrizón, diabetes,
 obesidades diversas, doenzas do
 aparello dixestivo, anemia
 e neurastenia

Riquisma auga de mesa
 gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO
 a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,
 Rúa da Amargura, núm. 15

A CRUNA